



Concello de Cangas

## **CANGAS CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS**

*O Consello de Igualdade convoca unha manifestación para o 25 de novembro con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres*

03/11/2017

'Cangas contra as Violencias Machistas' é o lema da manifestación que o Consello de Igualdade pon en marcha para o vindeiro 25 de novembro, día no que se conmemora o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. A saída realizarase o 25N ás 12:00 horas desde a Praza do Concello.

A Concellaría de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade convoca a toda a veciñanza para que se sume a esta cita tan importante, posto que se quere mostrar unha imaxe de unidade contra unha das grandes lacras que asola a sociedade de hoxe en día.

Con este xesto quérese deixar claro que se repudia o maltrato en todas as súas vertentes e que se aposta por un mundo no que primen a igualdade, o respecto, o bo trato, a liberdade ou a tolerancia.

Ademais, convén lembrar que desde o día 18 ata o 26 deste mes levarase a cabo a campaña 'Cangas en Negro' coa que se pretende sensibilizar ás persoas contra as violencias machistas.

*Gabinete de Comunicación*

CONTRA A  
VIOLENCIA



# CANGAS CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS

- Consello de Igualdade -

25N


## MANIFESTACIÓN

Saída: Praza do Concello

Hora: 12:00



Concello de Cangas



25N  
CANGAS  
EN NEGRO